<b>B3.3.</b> Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	<b>B3.3.1.</b> Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza ditados, detecta de forma autónoma erros e resolve dúbidas demaneirareflexiva.</li> <li>Completa mapas conceptuais e resumos dos contidos da unidade.</li> </ul>	CL AA
<b>B3.5.</b> Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	<b>B3.5.1.</b> Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza o ordenador e Internet de maneira eficiente eresponsible.</li> </ul>	CL CD
<b>B3.7.</b> Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	<b>B3.7.1.</b> Coida a presentación dos traballos escritos, en calquera soporte.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Establece criterios para avaliar o produto final doscompañeiros.</li> </ul>	CL CSC

## BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B4.1.</b> Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<b>B4.1.1.</b> Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza os pronomes persoais tónicos e átonos con corrección.</li> <li>• Analiza as formas dos pronomes persoais tónicos e átonos.</li> </ul>	CL AA
<b>B4.2.</b> Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	<b>B4.2.1.</b> Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza correctamente as grafías dogalego.</li> <li>• Reflexiona sobre a importancia de aplicar as regras ortográficas.</li> <li>• Utiliza correctamente palabras con aspectos ortográficos complexos. (Ortografía visual)</li> </ul>	CL AA CSC

<b>B4.3.</b> Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	<b>B4.3.3.</b> Respecta as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xustifica a colocación do pronome persoal na oración.</li> </ul>	CL CSC
<b>B4.7.</b> Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	<p><b>B4.4.1.</b> Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...</p> <p><b>B4.7.1.</b> Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza vocabulario relacionado co nacemento do bebé.</li> <li>• Identifica e explica palabras onomatopéicas</li> <li>• Utiliza o dicionario para buscar o significado de palabras onomatopéicas e para aclarar dúbidas de ortografía e significado.</li> </ul>	CL AA CD

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B5.2.</b> Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	<b>B5.2.1.</b> Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realiza unha lectura comprensiva depoemas.</li> </ul>	CL AA CEC
<b>B5.3.</b> Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	<p><b>B5.3.1.</b> Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa,</p> <p><b>B5.3.2.</b> Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. poesía e teatro.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Identifica estrofas poéticas: pareado, terceto, cuarteto e cuarteta.</li> </ul>	CL AA CEC
<b>xB5.4.</b> Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	<b>B5.4.1.</b> Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Practica a elaboración dunha estrofa poética coa combinación de diversosversos.</li> </ul>	CL CEC
<b>B5.7.</b> Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.	<b>B5.7.1.</b> Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Investiga sobre estrofas poéticas doutras tradicións literarias: o <i>haiku</i> e <i>olimerick</i>.</li> </ul>	CL AA CEC

## UNIDADE 6. Aprendemos a reciclar

### OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- g) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- h) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Esta unidade ten como eixe temático a reciclaxe. O obxectivo é aproximar os alumnos a vocabulario específico e técnico coa finalidade de poder comprender e expresarse tanto de forma oral coma escrita sobre este tema. No apartado de Vocabulario ademais da terminoloxía propia da reciclaxe, aproxímanse ao concepto de polisemia e homonimia. Na Gramática centrámonos nos adverbios e locucións adverbiais, e as súas funcións e, na ortografía, practicaremos o uso de *b*. Todos os contidos lingüísticos poderán aplicarse en diferentes graos na tarefa final: unha conferencia sobre reciclaxe.

- **O que os alumnos xa saben.** Os alumnos de sexto xa coñecen o vocabulario do ámbito da reciclaxe, nesta ocasión aproxímanse a vocábulos específicos e técnicos afianzando o uso de termos correctos para designar accións e elementos. Así mesmo en cursos anteriores familiarizáronse con contidos gramaticais e ortográficos, pero nesta ocasión afondarán sobre os propostos nesta unidade.
- **Previsión de dificultades.** Os alumnos poden ter dificultades para identificar locucións adverbiais; cumprirá practicar a substitución ou equivalencia entre formas simples do adverbio e estas estruturas dentro dun contexto oracional. Por outro lado a cuestión ortográfica traballada nesta ocasión, uso de *b*, é unha das máis problemáticas e adoita ser causa de incorreccións; pode resultar útil traballar a memoria visual para reforzar o coñecemento e aplicación desta grafía. Por último, terase en conta que falar nunha situación formal sobre un tema que non dominan suficientemente pode resultar incómodo para eles; é importante que se cree un ambiente de confianza para que se sintan máis cómodos.



CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.</li> <li>• B1.2. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.</li> <li>• B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñecemento do medio de comunicación empregado na audición.</li> <li>• Comprensión de textos orais procedentes dos medios de comunicación.</li> <li>• Participación nun debate sobre a reciclaxe con achega de diferentes argumentos.</li> <li>• Realización dunha conferencia sobre a reciclaxe.</li> <li>• Organización do discurso segundo a situación proposta e seguindo un guión.</li> <li>• Utilización de elementos lingüísticos e non lingüísticos na conferencia.</li> </ul>	<p><b>B1.1.</b> Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p> <p><b>B1.2.</b> Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p> <p><b>B1.6.</b> Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.</li> <li>● B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).</li> <li>● B2.6. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...).</li> <li>● B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura en voz alta con pronuncia, velocidade, entoación e ritmo axeitados, e en función dos signos de puntuación.</li> <li>• Lectura comprensiva dun texto expositivo relacionado coa reciclaxe.</li> <li>• Lectura comprensiva do texto narrativo <i>O alquimista</i>.</li> <li>• Identificación de elementos da narración: os personaxes.</li> <li>• Recoñecemento da estrutura da narración: introdución, nó edesenlace.</li> <li>• Utilización das TIC para buscar información sobre a reciclaxe e para preparar a conferencia.</li> </ul>	<p><b>B2.1.</b> Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.</p> <p><b>B2.5.</b> Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.</p> <p><b>B2.6.</b> Realizar diferentes tipos de lectura.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.</li> <li>• B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descrições, explicacións).</li> <li>• B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Invención dun slogan para unha campaña de reciclaxe.</li> <li>• Escritura dun comentario sobre a estrutura narrativa da lectura.</li> <li>• Elaboración dun guión escrito para a conferencia sobre a reciclaxe estruturado en introdución, desenvolvemento e conclusións.</li> <li>• Realización de ditados aplicando contidos ortográficos da unidade.</li> <li>• Realización de esquemas e resumos para memorizar comprensivamente as informacións.</li> </ul>	<p><b>B3.1.</b> Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> <p><b>B3.3.</b> Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> <p><b>B3.6.</b> Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: osuxeito.</li> <li>• B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.</li> <li>• B4.3. Uso de procedementos de derivación, de comparación e de contraste para vulgar sobre a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.</li> <li>• B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.</li> <li>• B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilización do vocabulario relacionado coareciclaxe.</li> <li>• Coñecemento do concepto de polisemia e homonimia.</li> <li>• Utilización de diferentes tipos de dicionario para aclarar dúbidas.</li> <li>• Recoñecemento de adverbios e locucións adverbiais.</li> <li>• Escritura correcta de palabras con b.</li> <li>• Busca, organización da información e selección de materiais de soporte para a realización da conferencia.</li> <li>• Autonomía na realización das tarefas.</li> </ul>	<p><b>B4.1.</b> Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p><b>B4.2.</b> Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p> <p><b>B4.7.</b> Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>

## BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B1.1.</b> Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p>	<p><b>B1.1.1.</b> Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece o medio de comunicación da audición: un programa de televisión.</li> <li>• Comprende o texto instrutivo oral dun programa de televisión e ordena o proceso explicado.</li> </ul>	<p>CL CD</p>
<p><b>B1.2.</b> Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p>	<p><b>B1.2.1.</b> Identifica en documentos audiovisuais a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consulta documentos audiovisuais para informarse sobre procesos de reciclaxe.</li> </ul>	<p>CL CD CSC</p>
<p><b>B1.6.</b> Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p>	<p><b>B1.6.1.</b> Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p> <p><b>B1.6.2.</b> Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.</p> <p><b>B1.6.4.</b> Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.</p> <p><b>B1.6.5.</b> Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Participa nun debate sobre a reciclaxe apoiando determinados argumentos.</li> <li>• Respecta as normas que fan posible o intercambio comunicativo: a quenda de palabra, a escoita activa, o respecto polas opinións dos demais e o uso dunha linguaxe nondiscriminatoria.</li> <li>• Realiza unha conferencia sobre a reciclaxe con boa entoación e dicción, adecúa o discurso á situación, segue un guión previo escrito e usa recursos lingüísticos e nonlingüísticos.</li> </ul>	<p>CL IE CSC</p>

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B2.1.</b> Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intención e dobresentidos.</p>	<p><b>B2.1.1.</b> Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p><b>B2.1.2.</b> Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).</p> <p><b>B2.1.3.</b> Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> <p><b>B2.1.8.</b> Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.</p> <p><b>B2.3.3.</b> Realiza o resumo dun texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Le e comprende un texto explicativo relacionado coa reciclaxe en España e relaciónao co gráfico de sectores correspondente.</li> <li>• Comprende o texto narrativo <i>O alquimista</i> e localiza información específica que dá resposta ás preguntas formuladas.</li> <li>• Identifica os personaxes no texto <i>O alquimista</i>.</li> <li>• Recoñece a estrutura narrativa no texto <i>O alquimista</i> (introdución, nó e desenlace).</li> <li>• Resume a lectura <i>O alquimista</i>.</li> </ul>	<p>CL AA</p>
<p><b>B2.5.</b> Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.</p>	<p><b>B2.5.5.</b> Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localiza e le información sobre a reciclaxe e as tres erres para preparar a conferencia.</li> </ul>	<p>CL CD</p>
<p><b>B2.6.</b> Realizar diferentes tipos de lectura.</p>	<p><b>B2.6.1.</b> Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Le o texto <i>Polo bo camiño</i> prestando atención á lectura correcta de datos numéricos.</li> <li>• Practica a velocidade lectora en voz alta e comprensiva do texto narrativo <i>O alquimista</i>.</li> </ul>	<p>CL AA</p>

### BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B3.1.</b> Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p>	<p><b>B3.1.1.</b> Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapasconceptuais.</p> <p><b>B3.1.2.</b> Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.</p> <p><b>B3.1.4.</b> Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.</p> <p><b>B3.1.5.</b> Revisa e reescribe o texto cando é preciso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inventa un slogan para unha campaña dereciclaxe.</li> <li>• Escribe un comentario sobre a estrutura do texto narrativo <i>O alquimista</i>.</li> <li>• Elabora un guión escrito para a conferencia sobre a reciclaxe organizando a información en introdución (coa presentación e o tema e aspectos xerais), desenvolvemento (para explicar os proceso e os beneficios) e conclusión(cun repaso de ideas principais e opiniónpersoal).</li> </ul>	<p>CL IE CSC</p>
<p><b>B3.3.</b> Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p>	<p><b>B3.3.1.</b> Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza ditados detectando con autonomía erros e resolvendo dúbidas de formareflexiva.</li> <li>• Completa esquemas e resumos para memorizar comprensivamente ainformación.</li> </ul>	<p>CL AA IE</p>
<p><b>B3.6.</b> Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.</p>	<p><b>B3.6.1.</b> Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoia a conferencia con elementos visuais, esquemas, fotos...</li> </ul>	<p>CL CD</p>

## BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B4.1.</b> Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p><b>B4.1.1.</b> Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece os adverbios e clasifícaos.</li> <li>• Analiza a función dos adverbios.</li> <li>• Emprega locucións adverbiais.</li> </ul>	<p>CL AA</p>
<p><b>B4.2.</b> Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<p><b>B4.2.1.</b> Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñece regras de uso de <i>b</i> e aplícaas.</li> <li>• Aplica e xeneraliza o uso de <i>b</i> a palabras da mesma familia.</li> <li>• Utiliza correctamente palabras con aspectos ortográficos complexos. (Ortografía visual)</li> </ul>	<p>CL AA</p>
<p><b>B4.7.</b> Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>	<p><b>B4.7.1.</b> Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.</p> <p><b>B4.7.3.</b> Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza o vocabulario relacionado coa reciclaxe.</li> <li>• Recoñece o concepto de homonimia e polisemia e analiza palabras.</li> <li>• Utiliza o dicionario para buscar palabras polisémicas e homónimas.</li> </ul>	<p>CL AA</p>



# UNIDADE 7. Cantos inventos!

## OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que os permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e resolver situacións cotiás.
- g) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- h) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## PUNTO DE PARTIDA DA UNIDADE

- **Enfoque da unidade.** Esta unidade ten como eixe temático os inventos. O obxectivo é aproximar os alumnos a vocabulario específico, coa finalidade de poder comprender e expresarse tanto de forma oral coma escrita en situacións relacionadas con este tema. No apartado de Vocabulario, ademais de palabras relacionadas coa tenda de lámpadas, revisarán conceptos e palabras sinónimas e antónimas. A Gramática estará dedicada ao estudo dos enlaces, preposicións e conxuncións, e nas súas funcións. Na Ortografía continuarase coa fixación de regras ortográficas de uso da grafía v. Todos os contidos aplicaranse na tarefa final: a descrición dun obxecto. Ademais esta unidade conta cun

programa de Literatura para traballar algúns recursos básicos como a personificación, a comparación, a hipérbole, o hipérbato... e a súa presenza en contextos literarios e non literarios.

- **O que os alumnos xa saben.** Os alumnos de sexto xa coñecerán termos relacionados cos inventos, pero poden a partir desta unidade ampliar a súa bagaxe, e afianzar o dominio da sinonimia e da antonimia, ademais de coñecementos ortográficos sobre o uso de *v*.
- **Previsión de dificultades.** Os alumnos poden ter certa dificultade para lembrar tipos de conxuncións, xa que poden non ter estudado anteriormente as posibilidades de uso dos enlaces. Isto mesmo pode ocorrerlles coa identificación de certos recursos literarios, polo que é importante incidir no seu valor significativo.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.1. Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, na entrevista, na reportaxe infantil e nos debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos, distinguindo información de opinión, e elaboración dun resumo.</li> <li>• B1.7. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións curtas, conversas, expresións espontáneas, discusións, asembleas, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, roles diversos no intercambio, respecto ás opinións das demais persoas, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</li> <li>• B1.12. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Distinción de diferentes xéneros orais propios dos medios de comunicación.</li> <li>• Comprensión dun texto oral procedente da radio.</li> <li>• Producción dun texto oral imaxinando e formulando hipóteses sobre unha situación.</li> </ul>	<p><b>B1.1.</b> Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.</p> <p><b>B1.6.</b> Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.</p> <p><b>B1.11.</b> Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B2.2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, na entrevista e nas cartas á dirección do xornal, para obter información xeral, localizando informacións destacadas. x</li> <li>• B2.3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).</li> <li>• B2.5. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante duntexto.</li> <li>• B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.</li> <li>• B2.8. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.</li> <li>• B2.14. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura en voz alta de textos con pronunciación e entoación axeitadas.</li> <li>• Lectura de descrições dun invento e distinción da linguaxe formal ecolequial.</li> <li>• Lectura comprensiva do texto narrativo <i>O soño de Tom</i>.</li> <li>• Identificación de elementos da narración: o personaxe protagonista.</li> <li>• Utilización das TIC para buscar información sobre un personaxe e responder preguntas.</li> </ul>	<p><b>B2.1.</b> Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.</p> <p><b>B2.3.</b> Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.</p> <p><b>B2.5.</b> Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.</p> <p><b>B2.6.</b> Realización de diferentes tipos de lectura</p> <p><b>B2.10.</b> Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.</li> <li>• B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo, mensaxes curtas) de acordo coas características propias destes xéneros.</li> <li>• B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, resumos, esquemas, informes, descricións, explicacións).</li> <li>• B3.5. Redacción de textos breves creativos carteis publicitarios, anuncios, cómics, contos, poemas, cancións, anécdotas...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escritura dun texto en que se explican as melloras que un invento ofrece ás persoas.</li> <li>• Escritura dunha carta para agradecer un consello.</li> <li>• Escritura dun comentario sobre o personaxe da lectura.</li> <li>• Presentación da descrición dun obxecto utilizando conectores de localización, vocabulario conceptual axeitado, e xerarquizando a información.</li> <li>• Valoración cooperativa da descrición dun obxecto.</li> <li>• Realización de ditados de forma autónoma.</li> <li>• Elaboración de resumos, mapas conceptuais e esquemas cos contidos da unidade.</li> </ul>	<p><b>B3.1.</b> Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> <p><b>B3.2.</b> Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación</p> <p><b>B3.3.</b> Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p> <p><b>B3.4.</b> Elaborar textos breves con creatividade.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B4.1. Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición, conxunción e interxección; grupo de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes, adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: osuxeito.</li> <li>• B4.2. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.</li> <li>• B4.7. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...), así como doutros elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.</li> <li>• B4.11. Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital, na busca da ampliación do vocabulario e como consulta ortográfica e gramatical.</li> <li>• B4.12. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utilización de vocabulario sobre a tenda de lámpadas.</li> <li>• Asociación de palabras sinónimas e antónimas.</li> <li>• Uso de diferentes tipos de dicionarios.</li> <li>• Identificación e uso de preposicións e conxuncións.</li> <li>• Aplicación de regras de uso do v.</li> <li>• Planificación e organización do contido da descrición dun obxecto, partindo dunha ficha previa.</li> </ul>	<p><b>B4.1.</b> Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p> <p><b>B4.2.</b> Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p> <p><b>B4.4.</b> Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.</p> <p><b>B4.7.</b> Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p><b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozopersoal.</li> <li>• B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos temas e motivos repetitivos e tópicos.</li> <li>• B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúnsmodelos.</li> <li>• B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozopersoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lectura expresiva depoemas.</li> <li>• Estudo e análise e recursos básicos dos textos poéticos: personificación, paralelismo, hipérbato, hipérbole, comparación, onomatopea.</li> <li>• Elaboración dun poema utilizando os recursos estilísticos.</li> <li>• Identificación de recursos da poesía noutras manifestacións non literarias como é ochiste.</li> </ul>	<p><b>B5.1.</b>Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.</p> <p><b>B5.3.</b>Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.</p> <p><b>B5.4.</b>Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.</p> <p><b>B5.6.</b> Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</p>

## BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B1.1.</b> Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	<b>B1.1.1.</b> Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Recoñece xéneros orais propios dos medios de comunicación: un concurso de radio ou televisión.</li> <li>• Comprende o texto oral procedente da radio e recoñece datos específicos.</li> </ul>	CL CD
<b>B1.6.</b> Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	<b>B1.6.2.</b> Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Imaxina e formula oralmente hipóteses arredor de como sería a vida sen un invento concreto: utiliza tempos e marcadores axeitados e segue unha orde lóxica.</li> </ul>	CL CSCIE

## BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2.1.</b> Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobresentidos.	<p><b>B2.1.1.</b> Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p><b>B2.1.3.</b> Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Le as descrições dun invento e distingue se a linguaxe é formal ou coloquial.</li> <li>• Identifica o protagonista da narración e completa unha ficha cos seus datos.</li> </ul>	CL AA



<p><b>B2.3.</b> Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.</p>	<p><b>B2.3.1.</b> Realiza o subliñado das ideas principais dun texto.</p> <p><b>B2.3.3.</b> Realiza o resumo dun texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprende o texto narrativo <i>O soño de Tom</i>, recoñece ideas principais e secundarias e localiza información que dá resposta ás preguntas formuladas.</li> <li>• Resume relato <i>O soño de Tom</i>.</li> </ul>	<p>CL AA</p>
<p><b>B2.5.</b> Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.</p>	<p><b>B2.5.1.</b> Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar a información nun texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Utiliza as TIC para buscar información sobre Thomas Edison e responder preguntas.</li> </ul>	<p>CL</p>
<p><b>B2.6.</b> Realización de diferentes tipos de lectura</p>	<p><b>B2.6.1.</b> Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Le en voz alta o texto narrativo <i>O soño de Tom</i> con pronuncia, entoación e ritmo correctos, adecuándose ao formato e estrutura textual.</li> <li>• Localiza na lectura palabras solicitadas con rapidez.</li> <li>• Le en voz alta un texto enfatizando as palabras difíciles.</li> </ul>	<p>CL</p>
<p><b>B2.10.</b> Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p>	<p><b>B2.10.1.</b> Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contrasta información sobre o personaxe ficticio da lectura e o real.</li> </ul>	<p>CL</p>

### BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B3.1.</b> Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p> <p><b>B3.2.</b> Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación</p>	<p><b>B3.1.1.</b> Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapasconceptuais.</p> <p><b>B3.1.2.</b> Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.</p> <p><b>B3.2.3.</b> Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escribe un texto explicando as melloras que un invento proporciona á vida das persoas.</li> <li>• Escribe un comentario sobre o protagonista da lectura <i>O soño de Tom</i>.</li> <li>• Escribe unha carta de agradecemento poñéndose no lugar do protagonista da lectura <i>O soño de Tom</i>.</li> <li>• Escribe a descrición dun obxecto utilizando conectores de localización e vocabulario conceptual axeitado.</li> </ul>	<p>CL CSCAA</p>
<p><b>B3.3.</b> Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.</p>	<p><b>B3.3.1.</b> Elabora textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información: cuestionarios, enquisas, resumos, informes...</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planifica e organiza o contido da descrición seguindo o plan de accións, cubrindo unha ficha e seleccionando a orde da descrición.</li> <li>• Realiza ditados detectando con autonomía os erros e resolvendo dúbidas de maneira reflexiva.</li> <li>• Completa esquemas ou mapas conceptuais e resumos de contidos da unidade para organizar e memorizar a información.</li> </ul>	<p>CL AA IE</p>
<p><b>B3.4.</b> Elaborar textos breves con creatividade.</p>	<p><b>B3.4.3.</b> Aprecia os usos creativos da linguaxe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valora de forma cooperativa a descrición dun obxecto realizado por un compañeiro.</li> </ul>	<p>CL CSC</p>

## BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B4.1.</b> Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	<b>B4.1.1.</b> Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Recoñece os enlaces, preposicións e conxuncións, e explica a súa función.</li> </ul>	CL
<b>B4.2.</b> Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	<b>B4.2.1.</b> Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Coñece e aplica regras básicas de uso da grafía.</li> <li>Aplica e xeneraliza o uso de v a palabras da mesma familia.</li> <li>Utiliza correctamente palabras con aspectos ortográficos complexos. (Ortografía visual)</li> </ul>	CL AA CSC
<b>B4.4.</b> Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.	<b>B4.4.1.</b> Usa axeitadamente diversos conectores entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...	<ul style="list-style-type: none"> <li>Escribe e completa oracións con enlaces axeitados.</li> </ul>	CL
<b>B4.7.</b> Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	<p><b>B4.7.1.</b> Usa axeitadamente o dicionario para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto.</p> <p><b>B4.7.3.</b> Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Utiliza vocabulario relacionado coas lámpadas.</li> <li>Relaciona palabras sinónimas e antónimas.</li> <li>Substitúe termos sinónimos.</li> <li>Utiliza o dicionario para buscar palabras sinónimas e antónimas.</li> </ul>	CL CD

## BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B5.1.</b> Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.	<b>B5.1.2.</b> Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.	<ul style="list-style-type: none"><li>Le e recita poemas con expresividade.</li></ul>	CL CEC
<b>B5.3.</b> Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	<b>B5.3.3.</b> Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, metáforas, personificacións, hipérbolos e xogos de palabras.	<ul style="list-style-type: none"><li>Recoñece e analiza recursos literarios: personificación, paralelismo, hipérbato, hipérbole, comparación e onomatopea.</li></ul>	CL CEC
<b>B5.4.</b> Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados.	<b>B5.4.1.</b> Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.	<ul style="list-style-type: none"><li>Escolle palabras axeitadas para compoñer un poema aplicando unha serie de recursos.</li></ul>	CL CEC

## UNIDADE 8. Traballamos cos demais

### OBXECTIVOS CURRICULARES

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
<b>RECURSOS PARA A AVALIACIÓN</b>	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de probas escritas</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Debates e intervencións.</p> <p>Proxectos persoais</p> <p>Representacións e dramatizacións.</p>	<p><b>Cualificación cuantitativa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Nas probas de avaliación de contidos</b>, cada actividade cualifícase con 1 punto se se resolveu correctamente. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con 0,75, 0,5 e 0,25 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. A avaliación inicial cualifícase do mesmo modo. </li></ul> <p><b>Cualificación cualitativa:</b> terá como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>As probas de avaliación por competencias.</b></li> <li>• <b>A observación directa.</b></li> </ul>

## Mínimos esixibles de Ciencias da Natureza:

- Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
- Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
- Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
- Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano

- Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o mantemento do funcionamento global do corpo.
- Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde
- Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
- Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.
- Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
- Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
- Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, bosque, litoral e cidade... e os seres vivos que neles habitan
- Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) traballando de forma individual ou en equipo.
- Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
- Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica
- Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.
- Identifica as características e clasifica os seres vivos:
  - -Reino animal.
  - -Reino das plantas.
  - -Reino dos fungos.
  - -Outros reinos.
- Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.
- Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies
- Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables:

esgotamento, chuva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible

- Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.
- Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado
- Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
- Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.
- Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.
- Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
- Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.
- Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
- Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais
- Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.
- Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.
- Coñece e explica algún descubrimento e invento da humanidade. dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

## TEMPORALIZACIÓN CIENCIAS DA NATUREZA

<b>TEMA 1</b>	4ª DE SETEMBRO E 4ª DE OUTUBRO
<b>TEMA 2</b>	1ª NOVENBRO A 4ª NOVENBRO
<b>TEMA 3</b>	5ª NOVENBRO A 4ª DECEMBRO
<b>TEMA 4</b>	3ª XANEIRO A 1ª FEBREIRO
<b>TEMA 5</b>	2ª FEBREIRO A 1ª MARZO
<b>TEMA 6</b>	2ª DE MARZO A 5ª DE MARZO
<b>TEMA 7</b>	3ª DE ABRIL A 2ª DE MAIO
<b>TEMA 8</b>	3ª DE MAIO A 2ª DE XUÑO
<b>FIN DE ETAPA</b>	3ª E 4ª XUÑO

## 6.3 VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

### BLOQUES DE CONTIDOS DA ÁREA

A área estruturarase en tres grandes bloques:

O **primeiro** denominado “*A identidade e a dignidade da persoa*”, ten como obxectivo que cada un dos nosos alumnos adquira as competencias necesarias para que sexa capaz de ir construíndo un autoconcepto axustado e unha boa autoestima para tomar iniciativas responsables e vivir con dignidade. Seguindo o expresado no preámbulo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de Nacións Unidas, onde se indica que “*a liberdade, a xustiza e a paz no mundo teñen por base o recoñecemento da dignidade intrínseca e dos dereitos iguais e inalienables de todos os membros da familia humana*” ou co artigo un que sinala que “*todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternamente uns cos outros*”, a elaboración da identidade persoal e o recoñecemento da dignidade propia son o paso previo e indispensable para o recoñecemento do outro.

O **segundo** que leva por título “*A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais*”, é unha proposta baseada na asunción da empatía, o respecto e a tolerancia hacia as outras persoas, así como o desenvolvemento das habilidades necesarias para relacionarse e actuar dacordo cos dereitos e deberes humanos fundamentais. Sen dúbida, o recoñecemento do outro, da súa existencia e da súa dignidade como persoa, son o paso previo e indispensable para que o neno vaia asumindo nun proceso imparabile acorde ca súa idade e grado de desenvolvemento, a necesidade da convivencia cos seus iguais, baseada na tolerancia e o respecto ao outro.

O **terceiro**, baixo o título de “*A convivencia e os valores sociais*”, orienta aos alumnos para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

**TEMPORALIZACIÓN:** Os contidos, criterios de avaliación e competencias claves desta área serán desenvoltos e traballados ao longo deste curso escolar tendo en conta as diferentes conmemoracións e festividades.

**Primeiro trimestre**

- Como son: o autoconcepto, a autoestima, o respecto, a solución de conflitos, superamos dificultades, a responsabilidade e o compromiso, desmontando prexuízos, a toma de decisións morais....

**Segundo trimestre**

- A miña relación cos demais, somos diferentes, os meus dereitos e os meus deberes, a discriminación...

**Terceiro trimestre**

- Unha sociedade por e para todos, convivir na sociedade, o respecto pola natureza, aprender no ciberespazo...

## OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, INDICADORES DE LOGRO E COMPETENCIAS

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.1.</b> Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.1.1.</b> Explica o valor da respectabilidade e da dignidade persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.1.2.</b> Actúa de forma respectable e digna.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.1.3</b> Coñece e asume os rasgos característicos da súa personalidade, poñéndoos de manifesto asertivamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.2.</b> O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.2.</b> Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.2.1.</b> Utiliza estratexias de reestruturación cognitiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.2.2.</b> Describe o valor da reestruturación cognitiva e a resiliencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.2.3</b> Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



			<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>VSCB1.2.4.</b> Expressa os seus sentimentos, necessidades e direitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ CSC</li><li>▪ CSIEE</li><li>▪ CCL</li></ul>
--	--	--	---	---

AREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ m</li> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.3.</b> A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. A automotivación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.3.</b> Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.3.1.</b> Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.3.2.</b> Explica razóns para asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.3.3.</b> Xera confianza nos demais realizando unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade en si mesmo e en si mesma, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. Tolerancia á frustración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.4.</b> Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.4.1.</b> Propón alternativas á resolución de problemas sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.4.2.</b> Sabe facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.5.</b> A toma de decisións persoais meditadas: técnicas e recursos. Causas e consecuencias das</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.5.</b> Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.5.1.</b> Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	acción propias. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.5.2.</b> Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.6.</b> A iniciativa. O emprendemento. A autoproposta de desafíos. A importancia da iniciativa privada na vida económica e social.</li> <li>▪ <b>B1.7.</b> Busca e elaboración de información por diversas fontes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B1.6.</b> Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.6.1.</b> Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.6.2.</b> Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB1.6.3.</b> Razona a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar e argumentar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B2.1.</b> Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB2.1.1.</b> Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB2.1.2.</b> Realiza actividades cooperativas detectando os sentimentos e pensamentos que subxacen no que se está a dicir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

AREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.1.3. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas e axudando a que sigan motivadas para expresarse.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>c</li> <li>m</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2.Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación, mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.2.1. Comparte sentimentos durante o diálogo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.2.2. Utiliza os elementos que contribúen ao diálogo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Empregar a aserción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.3.1. Emprega a linguaxe positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.3.2. Autoafirmase con respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4.O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.4.1 Infire e dá o sentido adecuado á expresión dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>VSCB2.4.2.utiliza correctamente as estratexias de escoita activa: clarificación,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			parafraseo, resumo, reestruturación, reflexo de sentimentos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>c</li> <li>m</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>B2.5.</b> A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>B2.5.</b> Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.5.1.</b> Interacciona con empatía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.5.2.</b> Sabe contribuír á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>m</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>B2.6.</b> Os estereotipos. As consecuencias dos prexuízos. Desenvolvemento de actitudes de solidariedade ante problemas e necesidades das persoas máis desfavorecidas.</li> <li><b>B2.7.</b> Identificación, axuízamento crítico e rexeitamento das situacións de marxinação, discriminación e inxustiza social.</li> <li><b>B2.8.</b> Creación de textos, empregando a linguaxe verbal e non verbal, para comunicar en diferentes soportes as conclusións de investigacións realizadas sobre situacións do seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>B2.6.</b> Analizar criticamente as consecuencias dos prexuízos sociais, reflexionando sobre os problemas que provocan e o seu efecto nas persoas que os sofren.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.6.1.</b> Analiza os problemas que orixinan os prexuízos sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.6.2.</b> Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li><b>VSCB2.6.3.</b> Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais detectados no seu contorno próximo expresando as conclusións en traballos creativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CIVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.1.</b> Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia no contorno inmediato (familia, centro escolar, grupo, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade. Valoración do diálogo para solucionar os conflitos de intereses en relación coas demais persoas.</li> <li>▪ <b>B3.2.</b> Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.1.</b> Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.1.1.</b> Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.1.2.</b> Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.3.</b> A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.2.</b> Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.2.1.</b> Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.2.2.</b> Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.2.3.</b> Respecta as regras durante o traballo en equipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.4.</b> Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa.</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.2.4.</b> Emprega destrezas de interdependencia positiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.5.</b> Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.3.</b> Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.3.1.</b> Explica o concepto de norma.</li> <li>▪ <b>VSCB3.3.2.</b> Infire a necesidade das normas da súa comunidade educativa</li> <li>▪ <b>VSCB3.3.3.</b> Participa na elaboración das normas do colexio.</li> <li>▪ <b>VSCB3.3.4.</b> Respecta as normas do centro escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ c</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.6.</b> A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.4.</b> Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.4.1.</b> Resolve os conflitos de modo construtivo.</li> <li>▪ <b>VSCB3.4.2.</b> Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.</li> <li>▪ <b>VSCB3.4.3.</b> Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.4.4.</b> Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.7.</b> O altruísmo. A responsabilidade social e a xustiza social. Identificación e análise crítica das causas que provocan situación de marxinação, de discriminación e de inxustiza social. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.5.</b> Practicar o altruísmo no contorno próximo sensibilizando sobre o seu valor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.5.1.</b> É capaz de sensibilizar sobre causas altruístas realizando exposicións orais sobre o seu valor e cometidos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.5.2.</b> Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.8.</b> Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios: maltrato. Exclusión de minorías étnicas, os campos de concentración, o holocausto. Os dereitos e deberes do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.6.</b> Crear un sistema de valores asumindo os dereitos e deberes do alumnado, realizando xuízos morais de situacións escolares e resolvendo dilemas morais con supostos prácticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.6.1.</b> Realiza xuízos morais de situacións escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.6.2.</b> Xustifica as súas actuacións en base a valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.9.</b> Conceptualización do dilema moral. Resolución de dilemas morais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.7.</b> Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.7.1.</b> Expressa o que é un dilema moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.7.2.</b> Realiza xuízos morais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.7.3.</b> Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.7.4.</b> Resolve dilemas morais en relación a prexuízos relativos ás diferenzas culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.10.</b> Convivencia pacífica en sociedade e valores nos que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura de paz. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.</li> <li>▪ <b>B3.11.</b> Formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades.</li> <li>▪ <b>B3.12.</b> Feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.8.</b> Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.8.1.</b> Analiza formas de discriminación: racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...</li> <li>▪ <b>VSCB3.8.2.</b> Analiza feitos discriminatorios: maltrato, exclusión de minorías étnicas, reclusión en campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

	campos de concentración, o holocausto, segregación por enfermidade. Análise destes feitos.		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.8.3.</b> Detecta prexuizos e analiza conflitos derivados do uso de estereotipos no contexto escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.13.</b> Dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.9.</b> Expresar a relevancia de preservar os dereitos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.9.1.</b> Valora e respecta a libre expresión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Humanos: liberdade de expresión e de opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.14.</b> Sensibilidade e respecto polos costumes, valores morais e modos de vida distintos aos propios.</li> </ul>	<p>libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.9.2.</b> Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.</li> <li>▪ <b>VSCB3.9.3.</b> Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.</li> <li>▪ <b>VSCB3.9.4.</b> Analiza, reflexiona e expresa conclusións sobre os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.15.</b> As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.10.</b> Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.10.1.</b> Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

	desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.16</b> Os valores sociais e a democracia. Os principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.11.</b> Respectar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.11.1.</b> Axuíza criticamente os valores implícitos en diversas situacións, de acordo cos que</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	a Constitución española. Dereitos e deberes. Características que debe posuír unha sociedade democrática.	autonomía e da Constitución española e os dereitos e deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organizacións e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.	constitúen a vida en común nunha sociedade democrática.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.11.2.</b> Razoa a contribución de diferentes institucións, organizacións e servizos públicos en relación á garantía dos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.17.</b> Principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.12.</b> Crear un sistema de valores propios realizando xuízos morais baseados nos dereitos e deberes básicos do Estatuto de autonomía e da Constitución española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.12.1.</b> Explica os dereitos e deberes básicos da Constitución española.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.12.2.</b> Realiza xuízos morais sinxelos fundamentados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.12.3.</b> Participa no benestar do contorno próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.18.</b> Os servizos públicos e bens comúns. Defensa, identificación, aprecio, respecto e coidado dos bens comúns e dos servizos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.13.</b> Comprender a importancia da contribución dos cidadáns e cidadás aos servizos públicos e aos bens</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.13.1.</b> Comprende, valora e expón por escrito o deber da contribución cidadá ao ben da sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	públicos: contribución da cidadanía a través dos impostos. A responsabilidade social. A xustiza social.	comúns a través dos impostos realizando razoamentos críticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.13.2.</b> Explica a función dos impostos de proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns e cidadás.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.13.3.</b> Realiza producións creativas sobre as consecuencias de non pagar impostos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ g</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.19</b> Fontes de enerxía renovables e non renovables. Identificación das actitudes e estratexias individuais e colectivas de consumo enerxético responsable.</li> <li>▪ <b>B3.20.</b> Rutinas individuais para mellorar a calidade de vida. Reflexión sobre as posibilidades de cambio.</li> <li>▪ <b>B3.21.</b> Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.14.</b> Valorar o uso responsable das fontes de enerxía no planeta concienciándose do respecto ao contorno e desenvolvendo a capacidade crítica cara aos acontecementos que o modifican.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.14.1.</b> Toma conciencia da limitación dos recursos enerxéticos e explica as consecuencias do esgotamento das fontes de enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.14.2.</b> Investiga os efectos do abuso de determinadas fontes de enerxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.14.3.</b> Realiza traballos creativos sobre a necesidade do aire non contaminado para a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	conclusións <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.22.</b> Realización e interpretación de gráficos sinxelos.</li> </ul>		saúde e a calidade de vida.  <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.14.4.</b> Expón graficamente argumentos para rexeitar actividades humanas contaminantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ k</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.23.</b> Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes no ámbito escolar e doméstico..</li> <li>▪ <b>B3.24.</b> Actitudes e estratexias de promoción de formas de vida saudable e de calidade</li> <li>▪ <b>B3.25.</b> Os primeiros auxilios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.15 . Ser capaz de realizar primeiros auxilios e tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.15.1.</b> Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.</li> <li>▪ <b>VSCB3.15.2.</b> Coñece as prácticas de primeiros auxilios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.26.</b> Condutas responsables no uso das TIC: autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético. Análise da realidade e dos contidos que se presentan no contorno dixital para desenvolver a capacidade crítica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.16.</b> Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.16.1.</b> Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.</li> <li>▪ VSCB3.16.2. Analiza e enxuíza criticamente os contidos do contorno dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
i	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.27.</b> O consumo responsable. Identificación de actitudes e estratexias persoais e colectivas de consumo responsable</li> <li>▪ <b>B3.28.</b> A publicidade e as súas técnicas. Influencia nos hábitos de consumo.</li> <li>▪ <b>B3.29.</b> Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para buscar e seleccionar e elaborar a información e presentar conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.17.</b> Analizar criticamente a influencia da publicidade sobre o consumo empregando as novas tecnoloxías.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.17.1.</b> Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.17.2.</b> Reflexiona sobre a influencia da publicidade expresando as conclusións mediante traballos creativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.17.3.</b> Realiza exposicións axuízando criticamente hábitos de consumo innecesario.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
n	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.30.</b> Busca, selección, análise e elaboración de informacións en relación cos accidentes de tráfico.</li> <li>▪ <b>B3.31.</b> Comunicación da información elaborada por diferentes medios</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>B3.18.</b> Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xerando iniciativas e alternativas persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>VSCB3.18.1.</b> Desenvolve proxectos relacionados coas principais causas dos accidentes de tráfico, sobre os que se informa en diferentes medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> </ul>



ÁREA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.32. Identificación de actitudes e estratexias individuais e colectivas de prevención de riscos viarios</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.18.2. Reflexiona sobre o modo no que se poderían evitar accidentes de tráfico e expón as súas conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ VSCB3.18.3. Explica as principais medidas que se poderían tomar para previr accidentes de tráfico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
<b>ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS</b>	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Modelo experiencial.</p> <p>Obradoiros.</p> <p>Aprendizaxe cooperativa.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo por proxectos.</p>	<p>Entre outros:</p> <p>Actividade e experimentación.</p> <p>Participación.</p> <p>Motivación.</p> <p>Personalización.</p> <p>Inclusión.</p> <p>Interacción.</p>	<p>Tarefas individuais.</p> <p>Parellas.</p> <p>Pequeno grupo.</p> <p>Gran grupo.</p>

	<p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p> <p>Globalización.</p>	
--	--	--

RECURSOS PARA A AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CUALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de probas escritas</p> <p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p>	<p>Observación directa.</p> <p>Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</p> <p>Avaliación de contidos, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Avaliación por competencias, probas correspondentes á unidade.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Debates e intervencións.</p> <p>Proxectos persoais</p> <p>Representacións e dramatizacións.</p>	<p><b>Cualificación cuantitativa:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Nas probas de avaliación de contidos,</b> cada actividade cualificarase con 1 punto se se resolveu correctamente. No caso de que a resolución non sexa errónea, pero sexa incompleta ou falte algún elemento esencial, pódese valorar con 0,75, 0,5 e 0,25 puntos. Así, a cualificación máxima da proba será de 10 puntos. A avaliación inicial cualificarase do mesmo modo. <p><b>Cualificación cualitativa:</b> terá como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>As probas de avaliación por competencias.</b></li> <li>• <b>A observación directa.</b></li> </ul> </li></ul>

## 6.4 CIENCIAS SOCIAIS

«Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan as persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva».

Os bloques nos que se distribúen a contidos da área son os seguintes:

- **Bloque 1.** Contidos comúns.
- **Bloque 2.** O mundo que nos rodea.
- **Bloque 3.** Vivir en sociedade.
- **Bloque 4.** As pegadas do tempo.

### OBXECTIVOS DA ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS 6.º EP

- Coñecer o relevo de España, os seus climas e hidrografía e localizalos no mapa.

- Coñecer o relevo de Europa, os seus climas e hidrografía e localizalos no mapa.
  - Recoñecer a influencia do ser humano, discriminar as características dun espazo protexido e inferir a necesidade da súa conservación.
  - Utilizar diferentes fontes de información para a análise de feitos ou fenómenos e expresar e aprender os contidos das Ciencias Sociais.
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIO-VISUAL	As cenefas modulares de Escher.	<b>B1-2.</b> Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e das imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo capaz de elatorar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.  <b>B2-2.</b> Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA	As texturas visuais e as táctiles.	
BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO	Utilización da escuadra e o cartabón para medir, sumar e restar ángulos e debuxalos atendendo a unhas medidas e indicacións determinadas.  Interpretación da obra <i>Cuarta estación</i> Hodogaya de Utagawa Hiroshige, realizando estampacións con cenorias cortadas.	

	<p>Trazado dun polígono estrelado a partir dun hexágono inscrito nunha circunferencia.</p> <p>Debuxo dun obxecto visto desde diferentes posicións dependendo do punto de vista do espectador.</p> <p>Análise, interpretación e debuxo de diferentes obras artísticas pictóricas recoñecidas como <i>El observatorio astronómico</i> de Juan de Villanueva ou <i>Mapa</i> de Jasper Johns.</p> <p>Organización e colocación de varios personaxes sobre un fondo tendo en conta o seu tamaño e a súa posición (a escala).</p> <p>Observación do cuadro <i>Casa Unterach junto al lago Attersee</i> de Gustav Klimt para realizar a súa propia interpretación engadindo texturas visuais.</p> <p>Construción de figuras tridimensionais a partir dun plano.</p> <p>Uso correcto e adecuado do material artístico empregado.</p>	<p><b>B2-3.</b> Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diferentes materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis adecuadas para a realización da obra plantexada.</p> <p><b>B2-5.</b> Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.</p> <p><b>B3-1.</b> Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumno relacionándoos cos conceptos xeométricos contemplados na área de matemáticas coa aplicación gráfica dos mesmos.</p>
--	--	---

## BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B1-2.</b> Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e das imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo capaz de elatorar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	<b>B1-2.1.</b> Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía adecuada imaxes fixas atendendo ao tamaño, elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, iluminación, función...).	Completa detalles e colorea <i>La Anunciación</i> de Fra Angélico a través das técnicas do collage e do debuxo.	AA IE CEC

## BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

CRITERIOS DE EVALUACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B2-2.</b> Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	<b>B2-2.1.</b> Distingue e explica as características da cor, en canto a súa luminosidade, ton e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.	<p>Observa o <i>Observatorio astronómico</i> de Juan de Villanueva para realizar a súa propia interpretación atendendo especialmente ás luces e as sombras.</p> <p>Aplica varios cores a un mapa de España para diferenciar as Comunidades Autónomas.</p>	
	<b>B2-2.3.</b> Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.	<p>Analiza, define e compara as texturas naturais das artificiais e realiza un debuxo en branco e negro para representalas.</p> <p>Inspírase nas texturas visuais que representa Gustav Klimt na súa obra <i>Casa Unterach xunto</i></p>	

	ó lago Attersee para elaborar a súa propia interpretación debuxándoas.	CMCT AA IE CEC
<b>B2-2.4.</b> Organiza o espazo das súas producións bidimensionais utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.	Realiza debuxos atendendo ao tamaño e a posición dos personaxes con respecto ao fondo (escala) e á perspectiva dos elementos (perfil, de fronte e por detrás).	
<b>B2-2.5.</b> Distingue o tema o xénero de obras plásticas.	Cofece o tema e xénero de obras plásticas vinculadas cos conceptos tratados ao longo do trimestre como a arte como obxecto".	

### BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<b>B3-1.</b> Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumno relacionándoos cos conceptos xeométricos contemplados na área de matemáticas coa aplicación gráfica dos mesmos.	<b>B3-1.2.</b> Traza, utilizando a escuadra e o cartabón, rectas paralelas e perpendiculares.	Utiliza os instrumentos artísticos (escuadra, cartabón, compás, regla, etc.) de forma correcta para debuxar con precisión os seus trazos.	CMCT CEC IE
	<b>B3-1.8.</b> Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente aplica a cor.	Traza un polígono estrelado a partir dun hexágono inscrito nunha circunferencia e, posteriormente, dalle cor ás figuras xeométricas.	
	<b>B3-1.9.</b> Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	Debuxa composicións modulares xeométricas sobre unha red de triángulos basándose no estudo dun azulexo da Alhambra (Escher).	
	<b>B3-1.10.</b> Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 grados utilizando a escuadra e o cartabón.	Mide, suma, resta e debuxa ángulos de diferentes medidas utilizando a escuadra e o cartabón.	

# TERCEIRO TRIMESTRE

## OBXECTIVOS CURRICULARES

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

## PUNTO DE PARTIDA DO TRIMESTRE

- **Enfoque do trimestre.** Ao longo deste trimestre os alumnos van a traballar conceptos relacionados coa perspectiva para debuxala correctamente utilizando a liña do horizonte e o punto de fuga. Aprenderán a utilizar diferentes técnicas artísticas como o collage ou o esgrafiado e, a súa vez, disfrutarán da pintura libre utilizando as cores ao seu gusto atendendo aos fins expresivos que queiran comunicar. Traballarán o debuxo de diferentes obxectos utilizando un determinado esquema e empregarán útiles como o compás para realizar os seus traballos.
- **O que os alumnos xa coñecen.** Os alumnos xa traballaron as perspectivas, a posición e a proporción dos elementos á hora de debuxalos e ademais saben a importancia de debuxar a partir dos esquemas.
- **Previsión de dificultades.** Poden atopar dificultades á hora de representar fielmente a luz que se proxecta nunha escea e ao debuxar con exactitude paisaxes con perspectiva.

CONTIDOS		
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
<p>BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL</p> <p>BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA</p> <p>BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO</p>	<p>A perspectiva frontal e a oblicua.</p> <p>A línea do horizonte e o punto de fuga.</p> <p>A proporción.</p> <p>Formas xeométricas fractales.</p> <p>Análise e interpretación de <i>La Anunciación</i> de Fra Angélico utilizando as técnicas do collage e do debuxo.</p> <p>Completa un debuxo utilizando tons claros para iluminar certas zonas.</p> <p>Realización da súa propia versión da obra <i>El príncipe Baltasar Carlos a caballo</i> de Diego Velázquez.</p> <p>Dibujo de diferentes obxectos partindo dun mesmo esquema.</p> <p>Elaboración dunha red de circunferencias utilizando o compás.</p>	<p><b>B1-2.</b> Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e das imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo capaz de elatorar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p> <p><b>B2-2.</b> Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</p> <p><b>B2-3.</b> Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diferentes materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis adecuadas para a realización da obra planxada.</p> <p><b>B2-5.</b> Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.</p> <p><b>B2-6.</b> Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, adquirindo actitudes de respecto e valo-</p>

	<p>Emprego da técnica do esgrafiado con ceras para representar unha obra de Chillida.</p> <p>Comparación dunha caricatura e un autorretrato e posterior reprodución.</p> <p>Análise e interpretación de <i>Banquete nupcial</i>, de Brueghel el viejo.</p> <p>Construción de figuras tridimensionais e con</p>	<p>ración de dicho patrimonio.</p> <p><b>B3-1.</b> Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumno relacionándoos cos conceptos xeométricos contemplados na área de matemáticas coa aplicación gráfica dos mesmos.</p>
--	--	---

	<p>movemento a partir dun plano.</p> <p>Interés por coñecer novas técnicas plásticas que promovan o traballo creativo e autónomo.</p>	
--	---	--



## BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B1-2.</b> Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e das imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos comprendendo de maneira crítica o seu significado e función social sendo capaz de elatorar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p>	<p><b>B1-2.5.</b> Elabora carteis con diversas informacións considerando os conceptos de tamaño, equilibrio, proporción e cor, e engadindo textos utilizando a tipografía máis adecuada a súa función.</p>	<p>Analiza un cartel publicitario e emprega un recurso gráfico utilizado na publicidade para crear impacto visual e facer uso da súa creatividade construíndo diferentes obxectos a partir dun círculo.</p>	<p>CEC IE</p>

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B2-2.</b> Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</p>	<p><b>B2-2.1.</b> Distingue e explica as características da cor, en canto a súa luminosidade, ton e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.</p>	<p>Completa un dibujo atendiendo especialmente a las zonas iluminadas en las que emplea tonos más claros.</p> <p>Utiliza los colores libremente (fines expresivos) para representar las formas geométricas fractales.</p>	<p>CMCT AA CEC</p>
	<p><b>B2-2.4.</b> Organiza o espazo das súas producións bidimensionais utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.</p>	<p>Define perspectiva (frontal e oblicua) e debúxaas partindo da liña do horizonte e o punto de fuga.</p>	
<p><b>B2-3.</b> Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diferentes materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis adecuadas para a realización da obra plantexada.</p>	<p><b>B2-3.1.</b> Utiliza as técnicas de debux e/ou pictóricas máis adecuadas para as súas creacións manexando os materiais e instrumentos de maneira adecuada, coidando o material e o espazo de uso.</p>	<p>Utiliza a técnica do collage con recortes para reproducir o cuadro de <i>La Anunciación</i> de Fra Angelico.</p> <p>Emplea a técnica do esgrafiado con ceras para representar o cuadro de <i>La sirena varada</i> de Eduardo Chillida.</p>	<p>AA CEC</p>
	<p><b>B2-3.3.</b> Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.</p>	<p>Explica a diferencia entre unha caricatura e un autorretrato e realiza un debuxo atendendo á expresividade dunha caricatura.</p>	

<p><b>B2-5.</b> Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.</p>	<p><b>B2-5.1.</b> Confecciona obras tridimensionais con diferentes materiais planificando o proceso e elixindo a solución máis adecuada aos seus propósitos na súa produción final.</p>	<p>Confecciona a escultura dun gato que recorda a Miró a partir dun plano.</p> <p>Constrúe unha tarxeta pop-up seguindo as instrucións propostas.</p>	<p>CMCT CEC IE</p>
--	---	---	--------------------

## BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA (CONTINUACIÓN)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B2-6.</b> Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, adquirindo actitudes de respecto e valoración de dicho patrimonio.</p>	<p><b>B2-6.1.</b> Recoñece, respeta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, especialmente aquelas que foron declaradas patrimonio da humanidade.</p>	<p>Analiza, interpreta e reproduce diversas obras de arte realizadas por artistas célebres como <i>El príncipe Baltasar Carlos a caballo</i> de Velázquez o <i>Banquete nupcial</i> de Brueghel.</p>	<p>AA CEC</p>

## BLOQUE 3. DEBUXO XEOMÉTRICO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	INDICADORES DE LOGRO	COMPETENCIAS
<p><b>B3-1.</b> Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea ao alumno relacionándoos cos conceptos xeométricos contemplados na área de matemáticas coa aplicación gráfica dos mesmos.</p>	<p><b>B3-1.9.</b> Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.</p>	<p>Completa unha red de cadrados ao longo dun rectángulo para debuxar circunferencias con máis precisión e exactitude.</p>	<p>AA CEC</p>

ORIENTACIONES METODOLÓXICAS	MODELOS METODOLÓXICOS	PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	AGRUPAMENTO
	<p>Modelo discursivo/expositivo.</p> <p>Talleres.</p> <p>Experiencial Aprendizaxe cooperativo.</p> <p>Traballo por tarefas.</p> <p>Traballo por proxectos.</p>	<p>Actividade e experimentación. Participación.</p> <p>Motivación.</p> <p>Persoalización.</p> <p>Inclusión.</p> <p>Interacción.</p> <p>Significatividade.</p> <p>Funcionalidade.</p> <p>Globalización.</p> <p>Avaliación formativa.</p>	<p>-Tarefas individuais.</p> <p>-tarefas en grupo</p> <p>-Traballo coas TIC en grupos reducidos</p>

	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN	SISTEMA DE CALIFICACIÓN
	<p>Observación directa do traballo diario.</p> <p>Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</p> <p>Valoración cuantitativa do avance individual (calificacións).</p>	<p>Elemento de diagnóstico: rúbrica da unidade.</p> <p>Outros documentos gráficos ou textuais.</p> <p>Debates e intervencións. Proxectos persoais ou grupais. Representacións e dramatizacións. Elaboracións</p>	<p><b>Calificación cualitativa:</b> terá como clave para o diagnóstico a rúbrica correspondente á unidade e basarase na observación directa.</p> <p>Non se realizará ningunha tipo de avaliación cuantitativa.</p>

<b>RECURSOS PARA A AVALIACIÓN</b>	<p>Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).</p> <p>Valoración cuantitativa do avance colectivo.</p> <p>Valoración cualitativa do avance colectivo.</p>	<p>multimedia.</p>	
-----------------------------------	---	--------------------	--

### **Mínimos esixibles de Plástica**

- Realizar composicións mesturando tramas propias e outras dadas.
- Debuxar e colorear unha paisaxe campestre e/ou estival.
- Asimilar os conceptos de cor primaria, complementaria e círculo cromático.
- Aplicar distintos pigmentos para achegar cor ás composicións copiadas.
- Achegar as luces e sombras propias dos elementos dunha paisaxe segundo a situación do foco luminoso.
- Encaixar as formas animais.
- Debuxar e sombrear con lapis de grafito composicións de obxectos e flores.
- Aprender a organizar os materiais selectivamente.
- Seguir os pasos indicados nun exercicio de papiroflexia.
- Aplicar tons axeitados para colorear obxectos redondos achegándolles a calidade de volume.
- Sombrear con grafito algunhas partes do rostro humano e aves en movemento.
- Utilizar a cuadrícula como sistema de reprodución de formas.
- Colorear e imitar a cuberta dalgunhas aves.
- Inventar novas paisaxes a partir da combinación de elementos presentes noutros diferentes.
- Gozar coa contemplación e análise de obras de arte. Xogar a recompoñer cadros de grandes artistas.

- Incorporar a perspectiva focal ás habilidades de debuxo persoal.
- Expresar as propias opinións e recibir as alleas sobre o traballo plástico alleo e o propio.
- Reflexionar sobre paisaxes estivais, de praia, e completar e colorear distintos tipos de naves.
- Analizar os esquemas básicos de diversas estruturas florais.
- Utilizar o lapis de grafito para sombrear a pelaxe dun can.
- Encaixar as partes dunha cabeza de perfil e debuxar a figura humana segundo as proporcións propias de cada idade.
- Colorear un bodegón seguindo os pasos de matizado indicados.
- Diferenciar mediante a coloración as características de arbustos e árbores.
- Colorear libremente unha reprodución do Guernica, respectando a relación dos claroscuros.
- Aproveitar as texturas visuais dos papeis para representar bodegóns mediante a técnica da colaxe.
- Realizar experimentos que axuden a reflexionar sobre os contidos plásticos.

## **7. ASPECTOS METODOLÓXICOS.**

Todas as áreas e bloques están interrelacionadas, polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partiremos dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Secuenciaremos os contidos partindo do que xa coñecen para poder avanzar, dos aprendizaxes máis simples a outros máis complexos. Para isto terase en conta a análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, as aprendizaxes non adquiridas no curso 2021/2022 e un coñecemento personalizado da/o

alumna/o.

O alumnado será o protagonista das súas aprendizaxes. A construción destas é persoal e polo tanto, moi diversa, polo que se deseñarán e desenvolverán propostas didácticas integradas, activas e contextualizadas, que impliquen e posibiliten a activación de variedade de procesos cognitivos e contribúan e aseguren o desenvolvemento das distintas competencias. Tarefas que o alumnado debe resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. Serán propostas de traballo que xurdan dun problema, acontecemento ou inqueda, que supoñan un proceso de investigación e acción que garanta a participación activa do alumnado, a experimentación e a funcionalidade das aprendizaxes e que lle permita organizar o seu pensamento, a reflexión crítica e facilite o proceso de autorregulación das aprendizaxes. Son propostas que responden a este perfil: a aprendizaxe baseada en problemas, as prácticas de aprendizaxe colaborativa, as prácticas de ensinanza e aprendizaxe baseadas no pensamento crítico e creativo,...

A distribución do alumnado na aula é individual, modificando esta distribución cando as diferentes tarefas así o requiran. Formaranse grupos,

parellas e distribuirase ó alumnado de diversas maneiras segundo se precise.

Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, e tanto as prácticas de traballo individual, como cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das

tarefas, potenciarán a inclusión do alumnado. Ademais, a metodoloxía na aula debe fundamentarse na relación entre o progreso persoal e o académico, xa que equilibrio afectivo e aprendizaxe van unidos e fortalécense mutuamente. Por iso é tan importante que se estimule a axuda mútua e o traballo cooperativo, para contribuir a desenvolver o respecto ante outros puntos de vista, capacidades, necesidades, etc.

A implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe é un factor determinante que tentaremos potenciar activamente, xa que o proceso de ensino-aprendizaxe competencial dase tanto desde os ámbitos formais coma nos informais. A súa colaboración redundará positivamente no rendemento e nos resultados académicos do alumnado.

Dende principio de curso se empregará a Aula Virtual como proba do seu correcto funcionamento. Para afianzar no alumnado tales destrezas, dedicarase un tempo na aula ordinaria usando a PDI e contarase coa vontade das familias (traballo da casa), posto que no centro non contamos con aula de informática.

## **8. MATERIAIS E RECURSOS**

Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe. Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial (aula virtual, Abalar...)

Material de aula: mobiliario de aula, un ordenador portátil, proxector, PDI, fichas impresas, láminas, gráficos e murais das distintas materias, mapas...

Materiais propios do alumnado: libros de texto (Editorial Santillana), dicionarios, cadernos, útiles da escrita, regras...

Biblioteca do centro: Utilizarase de maneira habitual como espazo de traballo e lecer na hora de lectura.

O alumnado poderá facer uso do préstamo semanal como en cursos anteriores ó COVID.

Asimesmo, poderanse usar libros da biblioteca do centro na nosa aula, ofrecéndose tamén o servizo de biblioteca de tarde.

Ximnasio: é a mestra de E.F., a encargada da organización do ximnasio e uso e limpeza do material deportivo.

Aulas: as distintas materias impartiranse, na medida do posible, na aula ordinaria do grupo, agás E.F. (ximnasio), Relixión Católica (aula



de relixión), inglés (aula de inglés) e música (aula de música).

Ademais, sempre que sexa necesario, elaboraremos e modificaremos diferentes materiais para adaptalos aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, co obxecto de atender a diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes.

Por outro lado, debemos facer referencia aos recursos persoais cos que contamos no centro e externos ao mesmo. Sinalar que en ocasións puntuais tamén botaremos man de recursos propios da contorna; físicos e humanos. Este curso escolar voltaranse a facer saídas á contorna así coma visitas de terceiros ao centro e a aula.

## 9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é un dos elementos fundamentais dentro da acción educativa porque nos axuda a determinar si aquilo que estamos realizando, se axusta aos obxectivos que nos marcáramos.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua** e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

Permitiranos detectar as dificultades no momento no que se produzan, analizar as súas causas e, en consecuencia, reorientar a intervención educativa e adecuala á diversidade de capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses e motivacións do alumnado.

Cando observemos que o progreso dun alumno ou alumna non é o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas, adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos, e á aprendizaxe do alumnado no conxunto das

áreas.

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para cada área.

As decisións sobre promoción do alumnado adoptaranse na última sesión de avaliación do curso escolar, e no contexto do proceso de avaliación continua. Cada mestra ou mestre decidirá sobre os resultados da avaliación da/s área/as que imparte, sen prexuízo do carácter global da avaliación respecto ás decisións de promoción, que se adoptarán de forma colexiada polo equipo docente. No caso do alumnado con necesidades educativas, que reciben medidas de reforzo por parte do titor e especialistas do D.O., terase especialmente en conta a opinión e asesoramento destas especialistas.

## **9.1. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL**

A avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

Revisión dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.

Revisión das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2021/2022, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional, co fin de tomar as decisións de actuación por parte do profesorado.

Atenderá aos seguintes aspectos: comunicación oral, competencia lectora, expresión escrita e ortografía, numeración, cálculo e resolución de problemas.

En xeral esta avaliación farase a través de: actividades de aula e probas escritas.

## 9.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

**Probas escritas:** pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita.

Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula.

Caderno de clase do alumno/a. Recolleremos información para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.

Actividades de avaliación; fichas, probas escritas.

Traballo individual

Traballo en parellas e grupos.

Actividades de expresión escrita.

Actividades interactivas.

Actividades de lectura, nas que o alumno/a ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre a mesma de diferentes formas.

**Probas orais:** probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral.

Preguntas individuais e grupais.

Participación do alumno/a.

Intervención na aula.

Postas en común.

Probas orais individuais.

Lectura expresiva.

Preparación individual de diversas actividades: presentacións, dramatizacións, contacontos, etc.

**Tarefas (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma. Poden ser: debates, dramatizacións, contacontos, investigacións...

**Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, para calibrar hábitos e comportamentos desexables. Actitude, esforzo, interese e comportamento.

### 9.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Crterios de cualificación	Valoración	Instrumentos utilizados
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas nas distintas unidades ou proxectos.	<b>70%</b>	Probas escritas, orais, probas lectoras periodicamente e a final de trimestre. Rúbricas e portafolios.
Realización do traballo na aula: Realización adecuada do traballo. Organización dos materiais Presentación do caderno	<b>10%</b>	Caderno de aula, observación diaria. Rexistro de actividades da clase. Rexistro de organización e limpeza do caderno
Realización do traballo na casa: deberes e traballos específicos.	<b>10%</b>	Rexistro de entrega de deberes. Puntuación de corrección dos deberes
Valoración de actitudes na aula: Escoita, participación esforzo e colaboración. Actitude e comportamento.	<b>10%</b>	Rexistro de participación. Rexistro de actitude na aula. Comportamento.

#### Cualificación cuantitativa:

Os resultados da avaliación expresaranse nos seguintes termos e irán acompañados dunha cualificación numérica, sen decimais, nunha escala do un ao dez:

Insuficiente	(IN)	1, 2, 3 ou 4
Suficiente	(SU)	5
Ben	(BE)	6
Notable	(NT)	7
Sobresaínte	(SB)	9 ou 10

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

## **9.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Observación directa do traballo diario.

Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.

Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).

Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).

Valoración cualitativa do avance colectivo.

## **9.5. CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Os criterios de promoción son un conxunto de acordos que concretan e adaptan ao contexto do Centro docente os criterios xerais de avaliación establecidos na normativa vixente.

O alumnado promocionará ao nivel seguinte, sempre que o equipo docente considere que acadou o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e o axeitado grao de madureza. Así mesmo, promocionará sempre que as aprendizaxes non acadadas non lle impidan seguir con aproveitamento ao novo nivel.

A decisión de promoción dun alumno/a será tomada polo equipo docente de forma colexiada. Nesta decisión, terá especial relevancia a opinión do titor ou titora. Este proceso contará en todo momento co asesoramento do Departamento de Orientación,

especialmente no caso do alumnado que recibe apoio educativo e é obxecto de seguimento polo departamento.

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada alumno ou alumna, atendendo á natureza das súas dificultades e analizando se estas lle impiden seguir con éxito o curso seguinte, así como as expectativas favorables de recuperación.

De acordo co establecido no P.E., se un alumno/a non acada os mínimos esixibles en dúas materias instrumentais, especialmente no caso de ser as matemáticas e algunha das linguas ou ambas, valorarase a posibilidade de repetición, eso sí, analizando sempre a conveniencia ou non desta medida para cada alumno/a en concreto. Ocorre o mesmo no caso de ter 3 materias suspensas ou máis, sexan ou non instrumentais.

Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de reforzo.

## **10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Organizaranse actividades diversas, tendentes a salientar a importancia das distintas conmemoracións recollidas na Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia.:

1º TRIMESTRE:

- 20 de novembro de 2022: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2022: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2022: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

## 2º TRIMESTRE:

- 24 de xaneiro de 2023: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2023: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2023: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2023: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2023: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2023: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2023: Día das artes galegas.
- 7 de abril de 2023: Día Mundial da Saúde.

## 3º TRIMESTRE:

- Entre o 17 e o 21 de abril de 2023: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2023: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2023: Día de Europa.
- Do 15 ao 29 de maio de 2023: Semana das Letras Galegas.



- 5 de xuño de 2023: Día Mundial do Medio Ambiente.

Igualmente, realizaranse actividades relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito das persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, a igualdade de trato e a non discriminación cara a estas persoas. E outras actividades para traballar as festividades do Samaín e Magosto, o Entroido, e a fin de curso.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O proceso educativo do alumnado, tenderá ao desenvolvemento das competencias ou capacidades establecidas nos obxectivos xerais das respectivas etapas educativas do colexio. Rexerase polo principios de calidade e inclusión garantindo a igualdade de oportunidades e facendo efectivo que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades. Darase unha atención individualizada e personalizada con actividades de reforzo e ampliación segundo as necesidades do alumnado e o seu ritmo de aprendizaxe.

En termos xerais, a intervención educativa partirá do nivel de coñecementos previos e a zona de desenvolvemento próximo de cada alumno e alumna, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxectivo de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades..

Diferenciamos dúas modalidades de atención: unha atención xeral e a atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

En canto á atención xeral, como norma, acomodaremos o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e/ou de cooperación familiar.

A intervención co alumnado con necesidade específica de apoio educativo, planificarase en colaboración co Departamento de Orientación, tanto dende o punto de vista curricular coma organizativo. Estará fundamentado nos informes psicopedagóxicos, a avaliación inicial e información recollida polo profesorado. A adopción de medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou extraordinario serán comunicadas ás familias e a xefatura de estudos.

### ***Medidas ordinarias***

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro e da aula
- Adecuación das programacións didácticas
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedimentos de avaliación
- Aulas de atención educativa e convivencia
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
- Programas de enriquecemento curricular
- Plan específico de reforzo para alumnado de Educación Primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Programas de habilidades e competencias sociais

## ***Medidas extraordinarias***

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) ou Audición e Linguaxe (AL)
- Flexibilización, tanto por redución coma por ampliación do período de escolarización
- Programas de diversificación curricular (PDC)
- Atención educativa a alumnado con dificultades de asistencia continuada ó centro escolar (atención educativa hospitalaria, domiciliaria)
- Atención educativa a alumnado sometido a medidas de protección e tutela
- Atención educativa a alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar
- Atención educativa a alumnado pertencente a familias itinerantes
- Atención educativa a alumnado procedente do extranxeiro. (GAL e GACC)

## 12. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR

Ao inicio de cada clase (según programación diaria), lectura de diversos contos.

- 1.- "*Hora de ler*": 30 minutos diarios
- 2.-Lectura en voz alta dos enunciados das actividades con preguntas orais para ver o grao de comprensión.
- 3.-Comprensión oral e escrita dos textos leídos ou escoitados.
- 4.-Diariamente, lecturas de definicións, exemplificacións e enunciados de actividades.

## 13. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

### **A comunicación audiovisual**

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, publicidade e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

### **As Tecnoloxías da Información e a Comunicación**

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá. Tamén na escola, o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación permite enriquecer a metodoloxía didáctica e supón un valioso auxiliar para o ensino.

Por outro lado, tendo en conta a excepcionalidade da situación que se viviu no curso 2021/2022, faise imprescindible recorrer a recursos dixitais e prever que poidan ser necesarios.

Teremos en funcionamento a aula virtual no caso de ser necesario o **ensino non presencial**. Establecerase a comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos. Desde esta realidade, resulta necesario a súa incorporación na aula coa finalidade de iniciar un bo uso das mesmas. Esta incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento:

- Informática como fin: ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre o uso da aula virtual, plataforma Webex, ou correo electrónico.
- Informática como medio: o seu obxectivo é tirar todo o proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información.

Recuncho do ordenador:

- Empregaremos o proxector e a pizarra para apoiar as explicacións e a adquisición de aprendizaxes, e para a realización de diferentes actividades interactivas.
- O ordenador poderase utilizar como fonte de información e aprendizaxe.
- Utilización de xogos de reforzo de ortografía, matemáticas...
- Exercicios de recuperación de contidos online.
- Exercicios “a medida” de ampliación, reforzo ou avaliación (tratamento da diversidade): realización de determinados exercicios das plataformas de contidos ou de Internet.
- Tamén os empregaremos de maneira lúdica; música, vídeos,...

## 14. RELACIÓN CO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Con referencia ao Decreto de Plurilingüismo, a distribución de linguas por materia será a seguinte:

<b>GALEGO</b>	<b>CASTELÁN</b>	<b>INGLÉS</b>
Língua Galega Ciencias da Natureza Ciencias Sociais Relixión Valores Sociais e Cívicos	Língua Castelá Matemáticas Educación Musical Educación Plástica Educación Física	Língua Inglesa

## 15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias. Por iso debemos establecer canles para a aprendizaxe da convivencia dialogada e pacífica.

As medidas e estratexias para mellorar a convivencia han de desenvolverse nun marco protector amplo que recolla medidas de carácter educativo e organizativo.

Establecemos as seguintes medidas:

Presentar as normas claras de convivencia mediante murais alusivos para que sexan comprendidas polos alumnos .

Crear un clima de confianza aceptando as iniciativas dos alumnos/as.

Facer un reparto equilibrado de responsabilidades e tarefas mediante a figura do encargado/a, que irán rotando .

Fomentar a aprendizaxe cooperativa.

Traballar habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos e a dinámica de grupos, mediante a participación do grupo clase, en sesións de valoración da convivencia.

Rexeitar as actividades grupais discriminatorias, fomentando o compañeirismo.

Fomentar a participación e a responsabilidades do coidado do centro relativas aos espazos comúns (biblioteca, pasillos, patios, baños,...).

Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción, ésta terá un propósito formativo estimulando cambios cognitivos, emocionais e conductuais.

Para o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no Plan de Convivencia, leváranse a cabo as seguintes propostas:

Informar e implicar ao alumnado nas normas de convivencia da aula así como das súas consecuencias e correccións. Sempre sexa posible, se terá en conta a súa opinión.

Posibilitar o diálogo co alumnado en relación á disciplina e convivencia, empregando o debate e respectando as opinións dos demais.

Desenvolvemento de habilidades sociais.

Actuación inmediata ante os problemas de conduta, seguindo as normas recollidas no plan (registro de incidencias).

Resolución de conflitos pola vía da mediación.

Informar ás familias no relacionado coa convivencia escolar.

A acción titorial constitúe o marco indispensable e necesario para establecer unhas boas bases de convivencia entre todos.

## **16. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS**

Realizarase unha reunión inicial e presencial ao principio de curso cos pais/nais para informarlles sobre todo o relativo a este curso escolar: Avaliación, metodoloxía...

Por outro lado, as titorías terán lugar os luns de 17:00h a 18:00h. Levaranse a cabo, preferentemente.

Será obrigatoria cita previa, empregando calquera das canles establecidas: Abalar, axenda do alumno ou teléfono.



## 17. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN

ASPECTOS XERAIS	PREVISTO	REALIDADE	PROPOSTAS DE MELLORA
Porcentaxe de programación impartida			
Grao de adquisición dos contidos por parte do alumnado			
Atención á diversidade			
Actividades de recuperación e reforzo			
Educación en valores			
Metodoloxía			
Materiais e recursos didácticos			
Actividades relacionadas co Plan TIC			
Actividades relacionadas co Plan de Convivencia			
Actividades complementarias e extraescolares			
Actividades relacionadas co Proxecto Lector			
Actividades relacionadas co Proxecto Lingüístico			